

ASAMBLEA XERAL ORDINARIA

DATA: 13 de setembro de 2007 **LUGAR:** Auditorio de Galicia **ASISTENTES:** 12

Na cidade de Santiago de Compostela, sendo as 18.30 do día 13 de setembro de 2007, reúnense en Xunta Xeral Ordinaria na cafetería do Auditorio de Galicia, sito na Avenida do Burgo, os membros da Asociación pedagóxico Cultural Soutullo.

Aberto o acto por dona M^a Luisa Álvarez Garea, presidenta da Asociación, procédese a dar lectura da orde do día.

Orde do día:

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR
2. XESTIÓN DA ASOCIACIÓN:
3. FORMACIÓN
4. ROGOS E PREGUNTAS

1. LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR

Dase lectura á acta anterior, aprobada por unanimidade polos presentes.

2. XESTIÓN DA ASOCIACIÓN:

a. Estado de contas:

Dona Cristina Paulos, tesoureira da Asociación, presenta o estado de contas repartindo a cada persoa asistente un estadillo no que se pormenorizan os ingresos obtidos e os gastos efectuados:

Ingresos (matrículas, subvencións da Deputación e da Consellería e vendas CDs)	3.764,14 €
Gastos	3.216,75 €
Saldo en conta	547,39 €

b. Subvencións:

Infórmase de que no ano 2007 a asociación solicitou 4 subvencións, das que ata o de agora non hai resposta. As subvencións son as seguintes:

- i. Subvención da Consellería de Industria para equipamento audiovisual e elaboración da páxina web. Aínda non chegou a resolución pero na listaxe de subvencións concedidas que apareceu no DOG non aparece Soutullo, co que case é seguro que nona van conceder.
- ii. Consellería de Cultura: solicitouse unha subvención para a realización de actividades culturais-musicais. Non resolveron.
- iii. Deputación da Coruña: este ano solicitáronse dúas subvencións, unha para actividades (curso “Os ritmos do mundo” e monográficos) e outra para equipamento co fin de mercar unha cámara de vídeo, cámara de fotos, trípode, equipo de son.
- iv. Consellería de Educación: solicitude de subvención e homologación de todos os cursos

c. Comunicaci3ns:

- i. páxina web: seguimos pendentes de poñer a andar a páxina web, non nos concederon a subvención co que imos volver á idea orixinal de facela contando con amigos e coñecidos. Está feito o deseño da páxina, falta dotala de contidos. Nas vindeiras semanas solicitarase por parte da directiva a colaboración dos socios para aportar informaci3n.
- ii. teléfono: o teléfono m3vil de contrato que ten a asociaci3n est3 a nome da anterior secretaria co que non se pode xustificar o gasto ao non estar as facturas a nome da asociaci3n. Ata o mes de xullo estaba suxeito ao compromiso de permanencia co que nas vindeiras semanas procederase a dalo de baixa. Para seguir contando con teléfono utilizarase tarxeta de m3vil, co que s3 se gastar3 na medida en que se use e contarase con facturas pola compra de tarxeta e recargas. A efectos de comunicaci3ns, o teléfono operativo 3 o da secretaria, o 667665705.

- iii. correo: a principios de ano contratouse un apartado de correos na oficina de correos de Conxo para evitar os problemas de que as cartas cheguen a casas de particulares que, en ocasións, xa non están vinculados á asociación. O apartado é o 1055 de Conxo. Para as comunicacións internas, a vía a utilizar seguirá sendo o correo electrónico en todos os casos en que sexa posible. O correo electrónico da asociación é: apcsoutullo@gmail.com (terra eliminounos a conta sen aviso).

3. FORMACIÓN

- a. **Cursos monográficos** para o último trimestre: de cara ao último trimestre do ano, plantéxase a realización de dous cursos monográficos de 8 horas. As propostas son: “Cancións-xogo tradicionais”, “Contos do mundo” e “Danzas do mundo”. Os asistentes propoñen outros cursos: “Música e educación especial”, “Coreografías narradas”, Susa fala de “De selva e sabana” e de “Cando se remata o papel de aluminio”. En vista de que o CEFORE ten previsto realizar neste semestre un de danzas do mundo, acórdase realizar os seguintes:

Curso monográfico de “Coreografías narradas”: sábados 17 de novembro e 15 de decembro, de 10 a 2 da mañá no colexio de Monte dos Postes (vai mirar Carmela se é posible, se non se pode facer neste centro faríase nun local do Concello de Brión situado en Bastavales). Docente: Susa

Curso monográfico de “Cancións-xogo tradicionais”: queda Gloria encargada de falar con Montse e Felisa de Leilía para ver se elas nolo poden impartir e en qué datas.

- d. **Curso de formación 2007 / 2008: “A música nos países de Tintín”**

- i. Temática: “A música nos países de Tintín”
- ii. Contido: a idea é que en cada sesión se traballe un dos contos de Tintín con actividades de audición, ritmo, act. rítmico-motriz, unha canción e unha danza e xa desde a primeira sesión plantexalo con formato libro, co cal ao remate do curso esté preparado o material necesario para editar un libro.

Esto implica ter que grabar desde a primeira sesión todo o traballo. Para esto é necesario contar coa colaboración de 3 ou 4 persoas que se “encarguen” das grabacións. En principio ofrécense Gloria, Ínsua, e colaboraría o resto da xente.

A parte de grabar van facer falta colaboracións puntuais. Xa nos irá avisando Susa do que fai falta.

- iii. Datas deste trimestre: martes 2 de outubro, luns 12 de novembro e mércores 19 de decembro (esta sesión leva cea incorporada).
- iv. Prezo: proponse e apróbase unha subida nos prezos do curso, quedaría do seguinte xeito: socios 60 euros, non socios 80 euros, membros da directiva gratuito.
- v. Lugar: falta confirmar definitivamente o lugar, pero en principio será no colexio de Lamas coma sempre.
- vi. Horario: 6.30 a 9. Co fin de que dea tempo a tratar todos os libros, está previsto aproveitar tamén as ceas de trimestre para traballar sobre Tintín.

4. ROGOS E PREGUNTAS

- a. Hai concerto de STOMP na Coruña do 25 ao 28 de outubro. Entradas á venda en www.caixanova.es.
- b. Actuación de MOMIX na fin de semana do 2 ao 4 de novembro tamén en Coruña. Entradas á venda en www.caixanova.es

Non habendo máis rogos e preguntas, dase por rematada a xuntanza sendo as 8 da tarde do xoves 13 de setembro de 2007.

Vº e Pr.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA